

## Á PROCURA DA PERSONAXE MISTERIOSA!!

### COMO SE XOGA?

As respostas ás preguntas conteñen as claves para atopar o nome da personaxe misteriosa. Reúne as letras que van entre parénteses, colócaas tendo en conta o número adxudicado, e, unha vez que teñas todas, encontrarás o nome da personaxe misteriosa.

Nalgúns libros que debes consultar aparecen as pezas dun puzzle que debes montar ao rematar o cuestionario.

### (1) A PERSONAXE E O SEU TEMPO

1- Viviu algúns anos nunha vila galega da costa coruñesa onde está situado un monte mítico galego, chamado o Olimpo Celta, e no cal se encontra a Pena Moa. Neste monte hai unha especie de carballo chamado Carballo Anano, cal é o seu nome científico? Como se chama o monte? No libro coa seguinte sinatura atoparás a resposta: 54 VAR esp (A Coruña)

NOME DA ÁRBORE: \_\_\_\_\_ (9)\_\_\_\_\_

NOME DO MONTE: \_ \_ \_ \_ \_

2- Durante o tempo de estudo da nosa personaxe en Madrid deu unha charla na Residencia de Estudiantes - lugar onde paraban Lorca, Dalí e Buñuel-Marie Curie, unha científica pioneira no campo da radioactividade que foi 2 veces Premio Nobel: de Física e

PREMIO: \_\_\_\_\_ (1)

SINATURA DO LIBRO CONSULTADO (enciclopedia):.....

3- Relacionouse co pintor Dalí, o escritor García Lorca, o cineasta Buñuel, pero con quen máis contacto mantivo foi co autor dun libro cuxa sinatura é: 860 ALB mar....

NOME: \_\_\_\_\_ (8) \_\_\_\_\_

4- Estudou nunha cidade europea cuxas coordenadas xeográficas son 48° 51'29" N, 2° 17'39" E onde residía André Breton, pai dunha corrente artística vangardista con quen estableceu contacto a nosa personaxe. Busca na web as respostas.

CIDADE: \_\_\_\_\_(6)

CORRENTE ARTÍSTICA: \_\_\_\_\_

5- En 1937 foxe a Portugal, por causa da GUERRA CIVIL, cruzando a fronteira pola vila que viu nacer ao homenaxeado o ano 2008 nas Letras Galegas e que ten unha catedral que conxuga dous estilos, o románico e o gótico. Como se chaman a vila e o escritor homenaxeado?:

VILA: \_\_\_ (4)

ESCRITOR: (5) \_\_\_\_\_

--

6- En Portugal espera en Lisboa, cidade onde hai unha ponte que leva o nome de Ponte do 25 de Abril, en homenaxe ao día en que o exército protagonizou unha revolución pacífica para acabar coa ditadura portuguesa. Se buscas o nome de "caravel" en portugués completarás o nome que recibiu a revolución.

REVOLUÇÃO DOS \_\_\_\_\_ (11)

SINATURA DO LIBRO CONSULTADO:.....

7- Frecuenta as tertulias que se organizan en Madrid en torno a intelectuais de renome e mantén contactos coa filósofa española María Zambrano que foi galardoada con dous premios, un foi o Príncipe de Asturias de Comunicación e Humanidades, cal foi o outro? Escribe tamén a sinatura do libro consultado (enciclopedia).

PREMIO: \_\_\_\_\_ (7)

SINATURA:.....

8- En 1931 en España as mulleres puideron votar por 1ª vez, como se chamou o movemento para conseguir o dereito ao voto feminino e polo cal moitas mulleres foron encarceradas? Que nome recibe o tipo de goberno que aprobou a lei?

MOVEMENTO: \_\_\_\_\_

GOBERNO: \_\_\_\_\_ (10)

9- *La noche de los lápices* é o nome que recibiu unha acción represora sobre estudantes adolescentes nun país de Latinoamérica onde se exiliou a nosa personaxe e tamén é o título dunha película sobre o mesmo tema. Nese

país tamén estivo o autor do libro que leva a sinatura 869 CAS dou, autor dunha das obras de teatro máis representadas no noso país e deputado polo Partido Galeguista na República.

PAÍS: \_\_\_\_\_ (3)

ESCRITOR: \_\_\_\_\_

10- O homenaxeado nas Letras Galegas do ano 2009 deu unha conferencia sobre a nosa personaxe, o seu nome aparece na px 326 dun libro que ten a sinatura 860 FER mar.

NOME: \_\_\_\_\_ (2) \_\_\_\_\_

11- A profesión da personaxe coincide co nº 75 da CDU.

PROFESIÓN: \_\_\_\_\_

**NOME DA PERSONAXE MISTERIOSA:**

— — — — —      — — — — —  
1 2 3 4 5 6      7 8 9 10 11

## (2) A PERSONAXE E A SÚA OBRA

Cos datos que obteñas formarás o nome dun cadro da pintora.

### INTRODUCCIÓN

Na época en que viviu Maruxa Mallo, estaba mal visto ir sen sombreiro polas rúas de Madrid. Ela, a poeta Concha Méndez e Lorca transgrediron a norma social pois atrevéronse a cruzar a Porta do Sol coa cabeza descuberta, acción que lles valeu seren insultados e apedreados. A este feito chamáronlle o sensombreirismo.

Foi unha das representastes máis destacadas do surrealismo español, xunto con Euxenio Granell e Urbano Lugrís formou o triángulo da corrente vangardista galega converténdose na pintora máis universal.

Recibirá os últimos anos da súa vida o recoñecemento institucional: a Medalla de Ouro do Ministerio de Cultura, da Comunidade de Madrid e logo a da Xunta de Galicia.

1- Como se chama o cadro do puzzle? Atoparás o seu nome no blog da revista virtual do instituto, ao que se pode acceder a través da páxina web do instituto ou directamente:

<http://www.revistanolimite.blogspot.com>

NOME DO CADRO: \_\_\_\_\_ ( ) (12) \_ \_ \_ \_ \_

2- O acontecemento en que se inspirou foi unha manifestación que se convoca en todo o mundo o 1º de maio e que se orixinou nos movementos obreiros de que revolución?

\_\_\_\_\_ ( ) \_\_\_\_\_ (6) FONTE CONSULTADA:

3- O cadro exilouse coa autora e esperou en Lisboa onde unha famos escritora, embaixadora de Chile, que escribiu "Los sonetos de la muerte", conseguille pasaxe para Buenos Aires: "Creo en mi corazón, el que yo exprimo para teñir el lienzo de la vida..."

ESCRITORA: \_\_\_\_\_ ( ) \_\_\_\_\_ (5) \_\_\_\_\_ FONTE CONSULTADA:

4- Na súa 1ª época pictórica, nos anos 20, explota o motivo temático das festas populares, a estes cadros deulles o nome de: (atoparás a resposta nun libro cuxa sinatura é 860 VID mar)

\_\_ ( ) \_\_\_\_\_ (11) AUTORA DO LIBRO:

5- Na seguinte etapa pinta unha serie de cadros surrealistas, produto das súas escapadas aos suburbios madrileños. O nome desta serie comeza por unha palabra que en francés recibe o nome de **cloaques**.

(8) ( ) \_ \_ \_ \_ \_ E CAMPANARIOS FONTE CONSULTADA:

6- Un cadro que dedicou ao pobo español pertence ás coleccións do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía e nel continúa o motivo de *Sorpresa do trigo*: as mesmas cores e o trigo, cereal universal, como elemento simbólico (esperanza e pan). O nome en inglés é **The spike's song**.

\_ \_ \_ \_ \_ (7) ( ) \_ \_ \_ \_ \_ FONTE CONSULTADA:

7- No exilio americano viaxa co autor de *Veinte poemas de amor y una canción desesperada* a unha illa máxica que contiña moitas figuras de pedra chamados moais, sabes que outro nome recibe esta illa?

ILLA DE PASCUA OU \_ \_ \_ \_ \_ ( ) \_ (4) ESCRITOR: \_ \_ \_ \_ \_

8- En Arxentina estableceu contacto cunha poeta, dela son estes versos:  
ALMA DESNUDA

Soy un alma desnuda en estos versos,  
Alma desnuda que angustiada y sola  
Va dejando sus pétalos dispersos.

POETA: \_ \_ \_ \_ \_ \_ \_ \_ \_ \_ ( ) \_ (17)

9- Na capital arxentina dirixía un programa de radio, *Galicia Emigrante*, un pintor galego tamén surrealista que dedicou sesións deste a eloxiar a súa obra. O libro coa sinatura 75 OTE lui é un monográfico sobre este pintor.

NOME: \_ ( ) \_ \_ (10) \_ \_ \_ \_ \_

10- Este pintor estaba vinculado á tertulia do Café Tortoni, centro de reunión da intelectualidade galega, da cal tamén formaban parte Lorenzo Varela, Rafael Dieste e o autor dunha novela ambientada en Ourense e que leva a sinatura 860 BLA esm.

NOME: (14) \_ \_ ( ) \_ \_ \_ \_ \_ - \_ \_ \_ \_ \_

11- Nas súas charlas polos países latinos fala dos mártires que caeron en Galicia vítimas da guerra civil. Un deles, fusilado polos sublevados, foi Alexandre Bóveda, destacado promotor do referendo para o autogoberno de Galicia. En 1936 foi votado pola maioría do pobo galego pero non se

materializou por mor da Guerra Civil. Cal era o nome do obxecto do referendo?

(18) \_\_\_ ( ) \_\_\_\_\_

12- Nunha cidade estadounidense onde se encontra o museo MOMA coñece o pai da pintura pop, autor dos cadros sobre as *Sopas Campbell* e promotor do centro transgresor e epicentro da contracultura Factory (por alí transitaron Lou Reed, Bob Dylan...), e gaña o Primeiro Premio Pictórico da XII Exposición da cidade co cadro *Cabeza Negra*. Como se chaman pintor (o curso pasado expuxéronse cadros del no corredor da biblioteca) e cidade (en galego)?

NOME: \_\_\_\_\_ CIDADE: \_\_\_ ( ) \_\_\_

(3)

13- Realiza en Buenos Aires a escenografía para a montaxe do texto de Alfonso Reyes *Cantata na tumba de Federico García Lorca* que unha compañía dunha actriz catalá moi coñecida representa en agosto de 1938. Como se chamaba a actriz?

NOME: \_\_\_ ( ) \_\_\_ (16) \_\_\_\_\_

15- Pinta un mural por encargo nun cine vangardista chamado Los Ángeles en Buenos Aires con materiais diversos: cunchas, coral, celofán, pedras, nun intento de converter a natureza en arte. O fascinio pola culturas orientais proxéctase no cadro, chamado: na páxina 390 do libro cuxa sinatura é 75 VAR art (pintores: vangarda histórica) atoparás o nome do cadro.

(13) ( ) \_\_\_\_\_

16- O CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea), deseñado polo arquitecto portugués Álvaro Siza, inaugurouse cunha exposición da pintora, que pinturas escolleron como carteis anunciadores? Consulta a web.

CABEZA DE (2) ( ) \_\_\_\_\_ E DE PERFIL

17- Nesta exposición exhibese *Actriz*, cadro adquirido por unha famosa cantante de pop de orixe italiana, gañadora de varios Grammy e autora do álbum *Hard Candy*.

CANTANTE: (15) ( ) \_\_\_\_\_

18- Unha escritora galega, autora de *Baleas e baleas*, gañadora do premio Esquí de poesía en 1988, escribiu: "hai que ser un xenio para pintar esas



Respostas Maruxa Mallo:

(1)

- 1- Quercus Lusitanica  
O Pindo
- 2- Química
- 3- Rafael Alberti
- 4- París  
Surrealismo
- 5- Tui  
Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez
- 6- Cravos
- 7- Miguel de Cervantes
- 8- Sufraxismo  
República
- 9- Arxentina  
Castelao
- 10- Ramón Piñeiro
- 11- Pintora
- 12- Maruxa Mallo

(2)

- 1- Sorpresa do trigo
- 2- Industrial
- 3- Gabriela Mistral
- 4- Verbenas
- 5- Cloacas
- 6- O canto das espigas
- 7- Rapa Nui, Pablo Neruda
- 8- Alfonsina Storni
- 9- Luís Seoane
- 10- Eduardo Blanco-Amor
- 11- Estatuto de Autonomía
- 12- Carme Vidal
- 13- Andy Warhol, Nova Iorque
- 14- Margarita Xingú
- 15- Harmonías plásticas
- 16- Cabeza de muller de fronte e de perfil

17-Madonna

18-Luisa Castro

19-Andaina

20- Arquitectura Humana